

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0102	Dispensación de produtos parafarmacéuticos	2024/2025	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL RAMOS MAGARIÑOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A concreción do currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en farmacia e parafarmacia ven descrito no Decreto 40/2010, do 4 de marzo.

- Competencia xeral:

A competencia xeral deste título consiste en asistir na dispensación e na elaboración de produtos farmacéuticos e afíns; e realizar a venta de produtos parafarmacéuticos, fomentando a promoción da saúde e executando tarefas administrativas e de control de almacén, con arranxo as especificacións de calidade, seguridade y protección medioambiental.

- Competencias profesionais, persoais e sociais:

As competencias profesionais, persoais y sociais deste título son as que se relacionan a continuación:

- a) Controlar as existencias e a organización de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos, almacenándoos segundo os requisitos de conservación.
- b) Asistir na dispensación de produtos farmacéuticos informando das súas características e de seu uso racional.
- c) Realizar a venta de produtos parafarmacéuticos, con atención as demandas e aportando información clara as persoas usuarias.
- d) Preparar os produtos farmacéuticos para a súa distribución as unidades hospitalarias, baixo a supervisión del persoal facultativo.
- e) Asistir na elaboración de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos, aplicando protocolos de seguridade e calidade.
- f) Apoiar ao persoal facultativo no seguimento fármacoterapéutico da persoa usuaria.
- g) Obter valores de parámetros somatométricos e de constantes vitais da persoa usuaria baixo a supervisión do persoal facultativo.
- h) Efectuar controis analíticos baixo a supervisión do persoal facultativo, preparando materiais e equipos segundo protocolos de seguridade e de calidade establecidos.
- i) Manter o material, o instrumental, os equipos e a zoa de traballo en óptimas condicións para a súa utilización.
- j) Fomentar na poboación usuaria hábitos de vida saudables para manter o mellorar a súa saúde e evitar a enfermidade.
- k) Tramitar a facturación de receitas manexando aplicacións informáticas.
- l) Realizar tarefas administrativas a partir da documentación xerada no establecemento.
- m) Prestar atención básica inicial en situacións de emerxencia, seguindo o protocolo establecido.
- n) Apoiar psicolóxicamente as persoas usuarias, mantendo discreción e un trato cortés e respectuoso.
- o) Intervir con prudencia e seguridade respectando as instrucións de traballo recibidas.
- p) Seleccionar residuos e produtos caducados para a súa eliminación da acordo coa normativa.
- q) Aplicar procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e medioambientais, con arranxo ao establecido nos procesos da farmacia.
- r) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigacións derivadas das relacións laborais, da acordo con establecido na lexislación.
- s) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de auto emprego e de aprendizaxe.
- t) Crear e xestionar una pequena empresa, realizando estudos de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- u) Participar de modo activo na vida económica, social y cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- v) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.

- Relación co sector produtivo:

A título de exemplo e especialmente con fins de orientación laboral, enumérase a continuación un conxunto de ocupacións ou postos de traballo que poderían ser desempeñados, en entidades de carácter público o privado, cando se teña adquirida a competencia profesional definida no perfil do título:

-Técnico/a en Farmacia.

-Técnico/a Auxiliar de Farmacia.

-Técnico/a de Almacén de Medicamentos.

-Técnico/a en Farmacia Hospitalaria.

-Técnico/a en Establecimentos de Parafarmacia.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os produtos de parafarmacia	Produtos parafarmacéuticos. Dispensación e venda. Fontes de información.	11	6
2	Produtos sanitarios I	Materiais de cura, sutura e para a inmovilización. Insuficiencia venosa. Incontinencia urinaria.	18	8
3	Produtos sanitarios II	Anticonceptivos. Dispositivos de medición de distintos parámetros. Sistemas de inxección. Dispositivos para a ventiloterapia. Sondas, catéteres, cánulas, ostomías.	27	10
4	Biocidas	Principais biocidas. Dispensación de biocidas. Conceptos xerais de microbioloxía e parasitoloxía.	16	7
5	Nutrición e dietética	Alimentación e nutrición. Valores somatométricos. Produtos dietéticos.	27	10
6	Consello nutricional	Obesidade e sobrepeso. Importancia da alimentación en distintas situacións. A nutrición dende a oficina de farmacia.	21	9
7	Hixiene bucodental	Boca e dentes. Placa bacteriana e sarro. Principais patoloxías e produtos de hixiene.	25	10
8	Dermocosmética. A pel e a cosmética facial	A pel. Os produtos cosméticos faciais.	21	8
9	Cosmética corporal e decorativa	Dermocosmética corporal. O cabelo, as uñas, as glándulas sudoríparas. Cosmética decorativa. Cosmetovixiancia.	23	8
10	Cosmética solar	A radiación solar. Os fototipos cutáneos. Produtos de cosmética solar.	15	6
11	Puericultura. Nutrición e cosmética infantil	A puericultura na oficina de farmacia. A nutrición infantil. Cosmética infantil. Alteración e patoloxías frecuentes no bebé.	21	8

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
12	Ortopedia. Óptica e audiopróteses	Ortopedia. O pé. Óptica. Audiopróteses.	27	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os produtos de parafarmacia	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciouse entre produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos.
CA1.2 Identificáronse os casos en que cumpra remitir a persoa usuaria á consulta médica.
CA1.3 Detalláronse os tipos de produtos, materiais e equipamentos de parafarmacia que poidan satisfacer as demandas.
CA1.4 Distinguíronse os produtos do catálogo de material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica de uso máis habitual en establecementos de farmacia, parafarmacia e ortopedia.
CA1.5 Localizouse o produto parafarmacéutico na base de datos correspondente.
CA1.6 Identificouse o réxime de subministración e dispensación de produtos de parafarmacia incluídos no financiamento do Sistema Nacional de Saúde e outras entidades aseguradoras.
CA1.7 Interpretouse a información técnica do produto e os símbolos do material de acondicionamento.
CA1.8 Informouse con claridade e concisión sobre as características e o modo de uso do produto.

4.1.e) Contidos

Contidos
Codificación de produtos de parafarmacia.
Regulación comunitaria dos produtos sanitarios.
Material de acondicionamento de produtos sanitarios. Marcaxe de conformidade CE . Datos que deben figurar obrigatoriamente nos envases e na etiquetaxe.
Aplicacións informáticas de bases de datos de parafarmacia.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Produtos sanitarios I	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona produtos sanitarios e biocidas tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e a demanda ou prescripción, e describe as súas características.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse os produtos sanitarios.
CA2.2 Descríbiuse a utilidade dos produtos sanitarios para a prevención, o control, o tratamento ou o alivio de doenzas ou lesións, a corrección de deficiencias e a regulación da concepción.
CA2.3 Asociouse o produto sanitario á demanda ou á necesidade da persoa usuaria.
CA2.4 Interpretáronse instrucións de uso de materiais e equipamentos sanitarios.
CA2.9 Tratouse a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.

4.2.e) Contidos

Contidos
Material de cura e sutura.
Produtos sanitarios para inmovilización e suxeición.
Produtos de diagnóstico.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Produtos sanitarios II	27

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona produtos sanitarios e biocidas tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e a demanda ou prescrición, e describe as súas características.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse os produtos sanitarios.
CA2.2 Describiuse a utilidade dos produtos sanitarios para a prevención, o control, o tratamento ou o alivio de doenzas ou lesións, a corrección de deficiencias e a regulación da concepción.
CA2.3 Asociouse o produto sanitario á demanda ou á necesidade da persoa usuaria.
CA2.4 Interpretáronse instrucións de uso de materiais e equipamentos sanitarios.
CA2.9 Tratouse a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>0Produtos sanitarios de uso específico en hospitais.</p> <p>Equipamentos de inxección.</p> <p>Sondas, catéteres e cánulas.</p> <p>Produtos de xinecoloxía e hixiene feminina.</p> <p>Produtos de diagnóstico.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Biocidas	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona produtos sanitarios e biocidas tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e a demanda ou prescrición, e describe as súas características.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Asociouse o produto sanitario á demanda ou á necesidade da persoa usuaria.
CA2.5 Clasificáronse os axentes biocidas.
CA2.6 Diferenciáronse os axentes biocidas e as súas aplicacións.
CA2.7 Descríbense as accións específicas de antisépticos e desinfectantes.
CA2.8 Recoñecéronse as infestacións parasitarias susceptibles de seren tratadas con axentes biocidas.

Criterios de avaliación

CA2.9 Tratouse a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.

4.4.e) Contidos
Contidos

Antisépticos desinfectantes corporais, acaricidas, antiplollos e repelentes de insectos

0Produtos sanitarios de uso específico en hospitais.

Material de protección e hixiene.

Produtos infantís.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Nutrición e dietética	27

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona produtos de alimentación e dietéticos, e xustifica o seu uso en situacións fisiolóxicas e de requisitos nutricionais especiais.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA5.1 Descríbonse os grupos de alimentos e nutrientes, e as súas principais funcións.

CA5.2 Identifícaronse os grupos de idade con requisitos de alimentación e nutricionais especiais.

Criterios de avaliación
CA5.3 Analizáronse os requisitos de alimentación e nutricionais en situacións fisiolóxicas especiais e patolóxicas.
CA5.4 Recoñecéronse os tipos de dietas utilizadas en dietoterapia.
CA5.5 Diferenciáronse os preparados dietéticos utilizados en situacións fisiolóxicas especiais.
CA5.6 Valoráronse os efectos que poida ocasionar sobre a saúde o uso inadecuado de produtos dietéticos.
CA5.7 Demostrouse interese por atender satisfactoriamente as necesidades dos pacientes.

4.5.e) Contidos

Contidos
Características específicas da alimentación de lactantes. Defectos enzimáticos na lactación.
Preparacións alimentarias infantís.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Consello nutricional	21

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona produtos de alimentación e dietéticos, e xustifica o seu uso en situacións fisiolóxicas e de requisitos nutricionais especiais.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.2 Identifícanse os grupos de idade con requisitos de alimentación e nutricionais especiais.

Criterios de avaliación
CA5.3 Analizáronse os requisitos de alimentación e nutricionais en situacións fisiolóxicas especiais e patolóxicas.
CA5.4 Recoñecéronse os tipos de dietas utilizadas en dietoterapia.
CA5.5 Diferenciáronse os preparados dietéticos utilizados en situacións fisiolóxicas especiais.
CA5.6 Valoráronse os efectos que poida ocasionar sobre a saúde o uso inadecuado de produtos dietéticos.
CA5.7 Demostrouse interese por atender satisfactoriamente as necesidades dos pacientes.

4.6.e) Contidos

Contidos
Características específicas da alimentación de lactantes. Defectos enzimáticos na lactación.
Preparacións alimentarias infantís.
Nutrición e embarazo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Hixiene bucodental	25

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.	NO
RA4 - Selecciona produtos para a hixiene bucodental, tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e as necesidades da persoa usuaria.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Transmítese información con claridade, orde e precisión.
CA4.1 Identifícanse as condicións de saúde bucodental.
CA4.2 Recoñécense trastornos bucodentais que requiran consulta médica.
CA4.3 Clasifícanse os produtos para a hixiene bucal e dental en función das súas aplicacións.
CA4.4 Descríbense as condicións de uso dos produtos para a hixiene bucal e dental.
CA4.5 Diferenciouse entre produtos con rexistro DENT e produtos cosméticos utilizados para a hixiene bucal e dental.

4.7.e) Contidos

Contidos
Saúde bucodental. Principais trastornos bucodentais. Produtos de hixiene bucodental Produtos con rexistro DENT.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Dermocosmética. A pel e a cosmética facial	21

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a estrutura e a fisioloxía da pel e dos anexos cutáneos.
CA3.2 Identificáronse as alteracións susceptibles de consulta médica.
CA3.3 Clasificáronse os produtos dermofarmacéuticos.
CA3.4 Descríronse as características e as prestacións dos produtos utilizados en dermofarmacia.
CA3.5 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade
CA3.6 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.9 Identificáronse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Formas cosméticas máis usuais.</p> <p>Cosmética da pel.</p> <p>Cosmética do cabelo.</p> <p>Produtos de hixiene infantil.</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Cosmética corporal e decorativa	23

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a estrutura e a fisioloxía da pel e dos anexos cutáneos.
CA3.2 Identificáronse as alteracións susceptibles de consulta médica.
CA3.3 Clasificáronse os produtos dermofarmacéuticos.
CA3.4 Descríbense as características e as prestacións dos produtos utilizados en dermofarmacia.
CA3.5 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade
CA3.6 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.8 Formalizouse a ficha de cosmetovixilancia ante reaccións adversas producidas por produtos cosméticos utilizando os programas informáticos axeitados.
CA3.9 Identificáronse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.

4.9.e) Contidos

Contidos
Formas cosméticas máis usuais.
Cosmética da pel.
Cosmética do cabelo.
Produtos de hixiene infantil.
Cosmética decorativa.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Cosmética solar	15

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Identifícaronse as alteracións susceptibles de consulta médica.
CA3.3 Clasifícaronse os produtos dermofarmacéuticos.
CA3.4 Descríbense as características e as prestacións dos produtos utilizados en dermofarmacia.
CA3.5 Identifícaronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade
CA3.6 Identifícaronse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.7 Descríbense as características e as aplicacións dos produtos utilizados na fotoprotección.
CA3.9 Identifícaronse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.

4.10.e) Contidos

Contidos
Formas cosméticas máis usuais.
A pel: tipos e fototipos.
Produtos para a protección solar.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Puericultura. Nutrición e cosmética infantil	21

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.	NO
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.	NO
RA5 - Selecciona produtos de alimentación e dietéticos, e xustifica o seu uso en situacións fisiolóxicas e de requisitos nutricionais especiais.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Informouse con claridade e concisión sobre as características e o modo de uso do produto.
CA1.9 Transmítese información con claridade, orde e precisión.
CA3.2 Identifícaronse as alteracións susceptibles de consulta médica.
CA3.5 Identifícaronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade
CA3.6 Identifícaronse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.9 Identifícaronse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.
CA5.2 Identifícaronse os grupos de idade con requisitos de alimentación e nutricionais especiais.

Criterios de avaliación

CA5.3 Analizáronse os requisitos de alimentación e nutricionais en situacións fisiolóxicas especiais e patolóxicas.

CA5.7 Demostrouse interese por atender satisfactoriamente as necesidades dos pacientes.

4.11.e) Contidos
Contidos

Produtos infantís.

Produtos de hixiene infantil.

Características específicas da alimentación de lactantes. Defectos enzimáticos na lactación.

Preparacións alimentarias infantís.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Ortopedia. Óptica e audiopróteses	27

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.	NO
RA6 - Dispensa produtos de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica, e describe as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA1.4 Distingúronse os produtos do catálogo de material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica de uso máis habitual en establecementos de farmacia, parafarmacia e ortopedia.

Crterios de avaliación

CA6.1 Clasifícase o material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica habitual en establecementos e servizos farmacéuticos e parafarmacéuticos.

CA6.2 Relacionáronse as necesidades das persoas usuarias coas prestacións do produto.

CA6.3 Identifícaronse os casos en que cumpra remitir a persoa usuaria á consulta médica.

CA6.4 Identifícaronse as condicións de dispensación do material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica.

CA6.5 Interpretouse a información técnica dos produtos.

CA6.6 Indícase o modo de uso e as precaucións dos produtos ortopédicos, protésicos e ópticos.

CA6.7 Trátase a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.

4.12.e) Contidos**Contidos**

Materiais de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica máis habituais en establecementos e servizos farmacéuticos.

Rexistro de material de ortopedia, prótese e audioprótese.

Condicións de dispensación.

Aplicacións informáticas de bases de datos de material de ortopedia, prótese e audioprótese.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles: Os Criterios de avaliación indicados como mínimos exixibles para cada UD.

-Traballo individual ou en equipo. 10%

- Taboa de observación do libro do profesor: Orde, limpeza no traballo. Actitude (participación positiva) 10%

- Tarefas remitidas en tempo e forma. Calidade das Tarefas. 10%

- Cuestionario de preguntas teórico-prácticas e de problemas. 70%

No caso de que o alumnado non teña tarefas a entregar, sumarase o 10% deste criterio ao cuestionario de preguntas teórico-prácticas, pasando a ser do 80%.

Para superar cada unha das tres avaliacións parciais (decembro, marzo e xuño); o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables, e unha nota total de 4,5 puntos no conxunto de probas para obter unha cualificación positiva de cada Unidade Didáctica e polo tanto na avaliación.

Se nalguna das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción e suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade.

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais programaranse actividades de recuperación consistente nunha proba teórico-práctica.

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 de xullo do 2011), para alumnos de 1º curso do réxime ordinario e do réxime para as persoas adultas, que teña módulos pendentes, entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos de 1º deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ao informe individualizado de avaliación elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación parcial de módulos.

Segundo o artigo 31 da citada Orde o alumnado do réxime ordinario que despois da avaliación parcial de módulos de 2º, teña o módulo de FM pendente por non acadar un ou máis resultados de aprendizaxe e non acceda á FCT, realizará as actividades de recuperación propostas polo equipo docente, á vista do informe individualizado de avaliación, durante o 3º trimestre do segundo ano, no período ordinario da FCT.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito a avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia (21h = 25 sesións) poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación despois de avaliación final de módulos de 2º, que consistirá nunha proba teórico-práctica escrita.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma, tal como este:

Nº Aspecto a avaliar. Observacións. Avaliacións

1 Ámbito produtivo

2 Desenvolvemento

3 Secuenciación /Temporalización

4 Avaliación

5 Metodoloxía didáctica

6 Temas transversais

7 AANEE

8 Sistema Extraordinario de avaliación

9 Sistema de recuperación pendentas

10 Actividades complementarias e extraescolares

11 Sistema Avaliación PD e PD

12 Sistema Información ao alumnado

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo. Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

A avaliación inicial en ningún caso levará consigo unha cualificación para o alumnado.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de xullo, o titor levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que, trala avaliación inicial, se detecte a necesidade de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación, etc.) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

Polo que resulta primordial prestar especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular que se consideren oportunas. As adaptacións que se propoñen van dirixidas a corrixir deficiencias, se trata de dificultades de aprendizaxe, e permitir que o alumno/a acade as capacidades terminais correspondentes aos contidos mínimos incluídos nesta programación, e no caso de deficiencias orgánicas procurárase establecer os mecanismos oportunos para facilitar o acceso ás ferramentas de traballo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Estes aspectos actitudinais deben ser tratados de forma permanente, consciente e intencional. Por tanto, durante as sesión debemos:

- Favorecer a igualdade entre mulleres e homes, así como a integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non so transmisivas.
- Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.
- Incidir na educación ambiental (eliminación de residuos, conservación do medio ambiente, etc.).
- Destacar a educación para a saúde, educación sexual e medicina preventiva.

A referencia a todos estes casos farase incluíndo numerosos exemplos e novas da prensa diaria.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso están previstas tres actividades complementarias e unha extraescolar. A súa realización sería, aproximadamente:

- 1) En novembro, a charla-conferencia "Respirando Saúde", impartida polo xefe de neumoloxía do Hospital Universitario "Álvaro Cunqueiro" de Vigo, D.r. Alberto Fernández Villar.
- 2) En decembro, a conferencia-coloquio "Doazón de Médula Ósea", impartida por dous integrantes da Asociación Galega de Transplante de Médula Ósea.

- 3) En xaneiro se visitarán as instalacións en Vigo do almacén de distribución farmacéutica Cofano, sempre que a situación da pandemia o permita.
- 4) En febreiro, aunha charla aberta sobre orientación laboral, impartida por unha representante de Academia Postal.
- Todas as charlas e conferencias terán lugar no salón de actos do centro e a elas asistirán tódolos alumnos matriculados nos distintos graos de FP que se imparten no centro.

10. Outros apartados

10.1) Medidas a tomar debido a situación provocada pola pandemia.

Detección do absentismo escolar.